

## Calceta en escena

Inma López Silva

**Título:**

*O club da calceta*

**Autora:**

María Reimóndez

**Adaptación:**

Celso Parada,  
María Reimóndez

**Compañía:**

Teatro do Morcego

**Dirección:**

Celso Parada

**Reparto:**

Susana Dans  
Laura Ponte  
Maxo Barjas  
Elina Luaces  
Luísa Merelas  
Flor Maceiras  
Estíbaliz Espinosa

**Escenografía:**

Pastor

**Vestuario:**

La Canalla

**Iluminación:**

Octavio Mas

**O** *club da calceta* foi no seu momento unha novela de éxito, ben escrita por María Reimóndez, que apuntaba maneiras teatrais na súa propia construción argumental: un grupo de mulleres, con cadansúa vida e candanseus problemas, reunidas arredor dun clube de calceta que se converte en espazo para o diálogo, o conflito, o tecido de historias que se entrelazan unhas con outras arredor da evocación dun personaxe fantasmal, a Tía Davinia. Malia ese potencial dramático presente na novela de María Reimóndez, a *O club da calceta* na súa versión teatral é en realidade unha sucesión de seis monólogos de contido feminino e feminista nos que cada personaxe relata a súa peripecia vital, eliminándose ata o extremo de deixar feble de máis o fío argumental de unión de todas esas vidas, o clube de calceta e o personaxe de Davinia. A dramaturxia, por tanto, é a principal eiva deste espectáculo que, pola contra, presenta un elenco que seleccionou as mellores actrices de Galicia. A interpretación, como non podía ser doutro xeito, non decepciona.

Cada unha das actrices desenvolve o seu monólogo nunha sorte de loita de titáns na que os exercicios interpretativos dotan de calidade a unha obra que, fóra delas, resulta falida en aspectos coma a construción da fábula e a interconexión argumental. É a potencia en escena das actrices a que salva un espectáculo no que a historia pode chegar a aburrir e no que o interese da música en escena aportado pola voz poderosa de Estíbaliz Espinosa se ve substituído por un playback estraño de Flor Maceiras, quen, por outra banda, desenvolve con tino o que era aquel interesante personaxe da novela, a tía Davinia, auténtico motor da acción que, aquí, fica coma unha sorte de aparición que só cumpre o seu papel na primeira parte do espectáculo.

Por iso, desde que *O club da calceta* comeza, o espectador está

permanentemente agardando a que rematen os monólogos de presentación das actrices e que chegue xa a historia de Matilde e a súa tía, que só intuímos nalgúns momentos dun argumento desfaiñado. Porén, a obra é unha sorte de longo exordio que fica niso e que nos aporta momentos álxidos coma o protagonizado por Elina Luaces co seu personaxe de Elvira, ou Luz, a puta interpretada por Imma Antón. Susana Dans, nun personaxe de limpadora soñadora semellante ao que fixera hai anos ás ordes de Xulio Lago en *O cerco de Leningrado*, está, coma sempre, excelente; e Maxo Barjas, desenvolve unha indiscutíbel guapa intelixente que apreixa o espectador, como tamén o fai Luísa Merelas como coxiña entenecedora, se cadra algo máis plana cás compañeiras, coma Laura Ponte, a quen toca o personaxe máis tópico da obra, a activista política-feminista. Malia todo, a interrelación entre as actrices é mínima, e por iso dá a sensación de que a dirección foi máis individualizada ca de conxunto, coma se o espectáculo fose unha suma en lugar dunha amálgama.